

Tribunal designado para as probas selectivas para cubrir prazas da categoría profesional de técnico/a de servizos xerais pola quenda de promoción interna, da USC, convocadas por Resolución Reitoral do 5 de abril de 2024 (DOG nº77 do 18.04.24)

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo para o acceso á categoría profesional de técnico/a de servizos xerais pola quenda de promoción interna, da USC en cumprimento da disposición da convocatoria que establece que “*Antes de realizar cada ejercicio o tribunal deberá ter aprobados e publicados os criterios de avaliación e corrección*”, en sesión celebrada o día 8 de xaneiro de 2025, acordou o seguinte:

PRIMEIRO: Segundo establece o Anexo I da convocatoria o segundo exercicio, **obrigatorio e non eliminatorio**, do proceso selectivo, consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 90 preguntas tipo test, más cinco de reserva, con tres respuestas alternativas propostas polo Tribunal, das que só unha será a correcta, correspondentes ao programa que figura como Anexo II á convocatoria.

Este exercicio cualificarase de 0 a 25 puntos.

SEGUNDO: As preguntas de reserva, numeradas da 91 a 95, entrarán por orde a substituír ás preguntas que puidesen ser anuladas no caso de estimarse reclamación sobre elas.

TERCERO: Para garantir o anonimato dos e das aspirantes non se permite ningunha marca, sinal ou sinatura na folla de respostas do exame que poida inducir á súa identificación. De facelo invalidarase o exame outorgándolle unha puntuación de 0 puntos.

CUARTO: O tempo para efectuar este exercicio será de 95 minutos, agás para as persoas con adaptación. O Tribunal acordou que non se poderá abandonar a aula nin retirarse do exercicio antes dos primeiros 30 minutos e previa entrega do exame, nin 10 minutos antes da súa finalización.

QUINTO: Infórmase ás persoas aspirantes dos seguintes aspectos relacionados coa organización do exercicio:

- As persoas aspirantes deberá vir provistas de documentación oficial con fotografía, que permita a súa identificación (DNI, pasaporte ou carné de conducir)
- As persoas aspirantes deberán de vir provistas de **lapis do número 2 e goma de borrar**.
- **Non se poderá acceder á proba con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. Non se dispón de ningún tipo de servizo ou depósito para recollida e custodia deste tipo de dispositivos non autorizados.**
- A entrada á proba será de acordo coa orde de chamamento que se iniciará a partir das 10:00 horas e comezará coa letra H.

O presidente do Tribunal
José Ángel Carrillo Presedo

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JOSE ANGEL CARRILLO PRESEDO, NIF ***7216**, 08/01/2025 14:20:26.

CSV: 40DE-EBFE-4DD5-8552